ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE MARZO DE 2018.

Asistentes:

SANDRA BEIS SILVA
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
MARÍA VICTORIA PAZOS PÉREZ
MANUEL PUGA GARCÍA
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dezaoito, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 15 DE FEBREIRO DE 2018.

Remitida aos señores concelleiros a acta da sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2018 e non existindo desconformidade coa mesma, á aprobada por unanimidade.

II.- DESIGNACIÓN MEMBROS MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN.

Dáse conta da proposta da Alcaldía sobre a composición da Mesa de Contratación conforme ao establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Vistos os antecedentes, o Pleno, por unanimidade, acorda dar a súa aprobación á Mesa permanente de contratación, que quedará composta o seguinte xeito:

Presidente:

- Ignacio Codesido Barreiro, Alcalde-Presidente do Concello, ou concelleiro en quen delegue ou quen legalmente o substitúa.

Vocais:

- José Antonio Gómez Pedreira, Secretario-Interventor do Concello.
- Jesús José Reboredo González, administrativo do Concello.

Secretario:

- José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

A Mesa actuará en todos aqueles casos nos que sexa requirida polo Órgano de Contratación e obrigatoriamente cando a competencia corresponda ao Pleno do Concello.

III.- INFORMES DE INTERVENCIÓN.

Dáse conta dos informes de Intervención sobre o período medio de pago e morosidade correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2017,no que se reflicte un período medio de pago-morosidade de 9 días.

Así mesmo, dáse conta da liquidación do orzamento e do cumprimento da regra de gasto e de estabilidade orzamentaria.

IV.- PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

4.a).- Proposta en relación a Solicitude de caducidade de concesión mineira San Rafael Nº 2946:

Dáse lectura á proposta do grupo do BNG sobre a solicitude de caducidade da concesión mineira San Rafael Nº 2946, que se transcribe a continuación:

"No Concello de Touro mantense vixente a concesión da explotación mineira "San Rafael" (núm. 2946).

Esta concesión foi consolidada, conforme á lexislación básica vixente en materia de minas en 1978, por un prazo de 90 anos, para unha explotación de diversos minerais. Porén, desde o ano 1988 houbo (e aínda se mantén) un persistente e reiterado abandono da actividade mineira, deixando a empresa concesionaria as labores básicas de explotación sen sequera adoptar as medidas de restauración e prevención, o que vén provocando nos últimos anos graves problemas ambientais de contaminación nos solos e nas augas da cunca do Ulla e nos acuíferos subterráneos.

Este abandono nunca foi corrixido nin penalizado pola administración mineira, malia estarmos ante o aproveitamento dun ben de dominio público, suxeito a concesión, que conleva as obrigas de explotación e restauración consonte ao Plan de Labores. A propia normativa mineira prevé que a falta de actividade mineira conleva a aplicación dun réxime sancionador administrativo, máis cando se trata dunha grave e reiterada infracción das condicións contidas no título de outorgamento da concesión, existe causa de declaración de caducidade da concesión.

No propio Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Touro aprobado definitivamente con data 9/2/2010, non se contempla, dentro da clasificación dos usos do solo, o uso mineiro dos terreos que ocuparon a antiga explotación. Estes aparecen como solo rústico de protección ordinaria.

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, entre os principios que inspiran dita norma cítase, no seu artigo 3, a xestión sustentabel dos recursos mineiros, e como criterios orientadores do Plan sectorial mineiro, no artigo 12, entre outros: a harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental; o aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e co patrimonio cultural. Finalmente, tamén se asenta o criterio do "carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo".

É reiterada a xurisprudencia que afirma que <u>toda concesión mineira conleva unha natureza funcional dirixida a unha finalidade relacionada co interese público que subxace en toda utilización demanial</u>, polo que esta clase de concesións administrativas en materia de minaría <u>outórganse para que o concesionario use o ben de dominio público consonte o seu destino</u>, en función ao fin que con ela se propuxo no momento da solicitude, non para mantela en situación de total abandono, pois iso implica descoñecer a función social dos bens de natureza e o interese social que toda concesión mineira comporta (Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xuño de 1988; Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 21 de decembro de 2006).

Así, perante o incumprimento reiterado das condicións de outorgamento dos dereitos mineiros, e tamén ante a vulneración dos principios e criterios da normativa mineira galega, ao concorreren causas de caducidade previstas no artigo 109.j) e 110 do Regulamento Xeral do Réxime da Minaría, ha de tramitarse o oportuno expediente de caducidade da concesión , ao abeiro da normativa mineira.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O Pleno da Corporación insta a Xunta de Galicia para que proceda ao inicio do expediente de caducidade da concesión mineira "San Rafael" (núm. 2946) no Concello de Touro e, logo dos trámites preceptivos, se declare a súa caducidade polo incumprimento reiterado das condicións de outorgamento e polos graves perigos ambientais que representa o seu actual estado para a protección das augas da cunca do Ulla e nos acuíferos subterráneos."

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome e representación do grupo municipal do BNG, expón que a concesión ven xa dos anos setenta e pico, e que se trata da explotación dun ben público porque se trata de explotar o subsolo, e tendo en conta que pasaron 30 anos sen actividade e sen plan de labores iso implica que existe unha causa de caducidade, polo que é preciso solicitar da Xunta de Galicia que se inicie o mencionado expediente de caducidade, tendo en conta ademais que o único interesado é unha entidade privada polo que se solicita a iniciación do expediente para declarar a caducidade da concesión mineira San Rafael Nº 2946, tal como se reflicte na proposta de resolución; tendo en conta que leva 30 anos inactiva, existe un claro rexeitamento social e trátase de intereses de carácter privado.

Por outra parte o Sr. Xoán A. Louzao manifesta que deberán reflexionar sobre o papel que están xogando, defendendo a unha empresa que fala de iluminados, dun lobby ecoloxista e cuestións ideolóxicas; aínda que -expresa o Sr. Xoán Louzao- está de acordo con esta última expresión pois para el trátase tamén dunha cuestión ideolóxica.

Así mesmo, o Sr. Xoán Louzao manifesta que non se pode vender o futuro, descoñecendo cal pode ser o interese do grupo de goberno sobre esta cuestión, algo que non da entendido.

Polo señor Alcalde contéstase que o interese no tema é un interese en ben de todos e non nun interese particular, especificando que a autorización que se faga ten que ser conforme á lei; especificando que a denuncia sobre caducidade debe basearse en incumprimentos concretos, non podendo admitirse referencias xenéricas e ambiguas sobre posibles riscos, e que, aínda que as causas medioambientais non estaban previstas na lexislación anterior, si están previstas na vixente, polo que constituiría unha causa de caducidade, debendo de basearse na reiteración de sancións firmes e non na mera reiteración de denuncias.

O señor Xoán Louzao manifesta que cos argumentos que está dando o señor Alcalde, existe causa suficiente de caducidade, especificando que un particular non ten capacidade, pero si o Concello, existindo causas medioambientais suficientes para demostrar o incumprimento, en base a todos eses argumentos solicitar a caducidade da concesión.

O señor Alcalde manifesta que o Concello non pode declarar a caducidade da concesión.

O Sr. Xoán Louzao expresa que se pode pedir, especificando que non soamente pode pedila senón que está obrigado a facelo.

Pola representante do grupo do PSG-PSOE, Dª Gemma V. López de Fuentes, manifestase que o seu grupo, como é de esperar, rexeita as ilegalidades ou calquera tipo de conducta ou acto irregular que poida producirse nas licencias de explotación de toda empresa ou actividade empresarial, loxicamente.

Agora ben, na moción que o grupo compañeiro da oposición trae hoxe ata este Pleno, nos que o que cremos acertado é que sexa o Alcalde de Touro e o seu grupo de goberno quen tome as medidas oportunas para esta comprobación da situación na que se atopa a concesión da explotación mineira "San Rafael", e se realmente este feito se cumpre e a concesión incorre en ilegalidade, nós estaremos sempre a favor do cumprimento da lei, e ao abeiro dela, decidir neste asunto.

O señor Alcalde manifesta que o concello non ten capacidade para declarar a caducidade.

O señor Xoán Louzao expresa que o BNG xa ten manifestado con anterioridade a súa posición contraria a mina, especificando que os alcaldes do PP estanse posicionando en contra como por exemplo o de Boiro, manifestando que non pasa nada por poñerse en contra, porque rectificar é de sabios.

Sometida a votación, o Pleno, por dous votos a favor da moción (grupo do BNG), unha abstención (do grupo do PSG-PSOE) e sete votos en contra (do grupo do PP), acorda rexeitar a proposta de resolución do BNG sobre "Solicitude de caducidade da concesión mineira San Rafael Nº 2946.

4.b).- Proposta do grupo do BNG sobre protección e promoción dos novos xacementos patrimoniais descubertos no Concello:

Dáse lectura á proposta do BNG sobre "Protección e promoción dos novos xacementos patrimoniais descubertos no Concello", que literalmente di:

"A finais de decembro de 2017 deuse a coñecer a existencia de dous novos bens de interese cultural no concello. En concreto trátase da descuberta dun petróglifo situado entre as parroquias de Circes e Calvos de Socamiño, no monte coñecido como Monte da Pedra Furada. A antigüidade do mesmo está pendente de se establecer pero calcúlase en varios miles de anos.

O feito de que sexa o primeiro que aparece no noso concello, xunto coa escaseza dos mesmos en toda a comarca de Arzúa e de Melide, unido a que estea gravado sobre lousa, algo moi pouco frecuente nestas mostras de arte rupestre, danlle a este petróglifo unha importancia especial.

Por outra parte, tamén se eu a coñecer outro elemento patrimonial histórico na mesma parroquia de Calvos de Socamiño, coñecido como A pena das letras. Este elemento atópase na nova ruta de sendeirismo do concello "Unindo camiños polo Ulla" e recibe este nome por contar cunha serie de letras e símbolos gravados sobre unha rocha que, posiblemente, serviran de lindeiro dalgunha propiedade con certa importancia.

Estes dous elementos enriquecen o patrimonio cultural e constitúen un novo recurso para o noso concello, correspóndelle a este e ao resto de administracións públicas a súa protección e posta en valor.

Por todo o cal é polo que se propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Incluír estes dous elementos patrimoniais no inventario patrimonial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
2. Acordar co propietario da finca na que se atopa o petróglifo, o desvío do camiño no que se atopa e establecer unha pequena área de respecto para evitar danos ao mesmo.
3. Promover a investigación destes dous elementos patrimoniais co fin de datalos, interpretar o seu significado e estudar a posibilidade de que existan máis xacementos relacionados cos mesmos no entorno próximo.
4. Sinalizar e promocionar estes bens para promover a súa visita e coñecemento ademais de facer unha variante da ruta "Unindo camiños polo Ulla", que permita acercarse ao petróglifo."

Polo Sr. Xoán A. Louzao manifestase que se trata de poñer en valor o ben de interese cultural do petróglifo que foi descuberto en Calvos, no monte coñecido como Pena furada e tamén do elemento patrimonial histórico na mesma parroquia coñecido como "A pena das letras", polo que se propoñen as actuacións que se describen na proposta de desvío do camiño, promover a investigación destes elementos patrimoniais e realizar e promover unha variante da ruta "Unindo camiños polo Ulla".

Polo señor Alcalde contéstase que xa se ten remitido o descubrimento a Patrimonio e segundo informa o Secretario nestes momentos estase a contratar un proxecto conforme ao solicitado por Patrimonio e seguir o procedemento para a súa catalogación.

O portavoz do grupo do BNG manifesta que se trata de que non sexa tarde porque poñer unha cinta non é suficiente polo que é preciso levar a cabo o que se está a propoñer para poñer en valor o patrimonio.

A portavoz do grupo PSG-PSOE, Dª Gemma V. López, pregunta se xa se ten comunicado a Patrimonio o xacemento, ao que o señor Alcalde contesta que si se ten comunicado.

Dª Gemma V. López manifesta que o apoio do seu grupo é para que se tomen as medidas e se sigan os protocolos de actuación, para que se proceda a súa catalogación correcta e se inclúan na relación patrimonial do Concello.

Debatido o asunto, o Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Incluír estes dous elementos patrimoniais no inventario patrimonial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Segundo.- Acordar co propietario da finca na que se atopa o petróglifo, o desvío do camiño no que se atopa e establecer unha pequena área de respecto para evitar danos ao mesmo.

Terceiro.- Promover a investigación destes dous elementos patrimoniais co fin de datalos, interpretar o seu significado e estudar a posibilidade de que existan máis xacementos relacionados cos mesmos no entorno próximo.

Cuarto.- Sinalizar e promocionar estes bens para promover a súa visita e coñecemento ademais de facer unha variante da ruta “Unindo camiños polo Ulla”, que permita acercarse ao petróglifo.

4.c).- Proposta de resolución sobre a Proposición de lei para a protección e mellora de hábitats de bosques autóctonos, e racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais:

Polo señor concelleiro D. Xoán Antón Louzao dáse lectura da proposta do grupo do BNG sobre a proposición de lei para a protección e mellora de hábitats de bosques autóctonos e racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, impulsada polas entidades ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA e ORGACCMM) e COUSA DE RAÍCES están a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa popular, que na súa exposición de motivos sinala o seguinte:

A pesar da importancia da superficie de monte en Galiza, por volta dos 2/3 do total do territorio, as políticas aplicadas desde a entrada en vigor do Plano Forestal (1992) non conseguiron compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido. O devandito Plano Forestal cun horizonte de aplicación de 40 anos (2032) visaba unha extensión máxima do eucalipto dunhas 245.000 hectáreas. A finais de 2016 a superficie de eucaliptais en Galicia podería superar xa as 500.000 hectáreas.

Nos últimos tempos unha nova especie de eucalipto, o Eucalyptus nitens, engadiuse aos plantíos, ocupando a espazos antes vetados para o E. Globulus, dada a súa maior resistencia ao frío. O E. Nitens foio considerado polo Comité científico de flora e fauna silvestres do Ministerio español do ambiente como unha “especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas”. En consecuencia, as administracións públicas deberían prohibir o seu cultivo en todo o territorio galego.

Este forte aumento do eucalipto vese favorecido por un modelo de explotación do monte intensamente forestalista. Tamén ten que ver co abandono agrario, o despoboamento e o declive do medio rural galego.

Tamén a aplicación dunha Política Agraria Común (PAC), tanto por parte do goberno galego como español, que destrúe ás economías familiares en beneficio das multinacionais mediante imposición de prezos ridículos, provoca o abandono do mundo rural e favorece a extensión do monocultivo de especies de crecemento rápido.

A falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino de moitos montes e terras agrarias remate sendo o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo ás frondosas autóctonas, e finalmente o lume e tamén a escasa superficie ocupada polos montes de xestión pública.

Os monocultivos de pirófilas inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes, na contaminación de terras e rías con agroquímicos e vertidos das celulosas, no empobrecemento da biodiversidade e no avanzo da erosión, provocando perdas económicas directas e lucro cesante.

Os modelos de aproveitamento do monte que apostan pola multifuncionalidade de usos, pola utilización das especies autóctonas, e polo mantemento dos servizos ecosistémicos que estas prestan á sociedade. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos beneficios a aquelas comunidades e propietarios/as que apostan pola súa conservación e aproveitamento sustentábel.

Tendo en conta estas consideracións e dado o peso territorial do monte galego, faise urxente adoptar as seguintes medidas para garantir a súa xestión sustentábel e a adaptación aos retos do cambio climático.

Por todos estes motivos, as entidades ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA e ORGACCMM) e COUSA DE RAÍCES solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono , a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento Galego, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galicia.
2. Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Por D. Xoán A. Louzao ponse de manifesto a necesidade de adoptar medidas sobre protección do hábitat de bosque autóctono, para non ter que lamentarse dos incendios, sendo preciso poñer medidas e evitar entre outras cousas o círculo vicioso no Concello de Touro, onde se plantan eucaliptos e despois volven as cinzas e volta a empezar o círculo.

Segue manifestando que se trata de que non sexa ENCE quen determine a política forestal, especificando que de seguir a plantación de eucaliptos, só haberá eucaliptos pois dunha previsión para estes anos de 240.000 hectáreas estase en 500.000 hectáreas, o que da unha dimensión do problema.

O señor Alcalde manifesta que non son os partidos os que teñen que decidir nunha iniciativa coma esta, que lle corresponde ao Parlamento de Galicia debater e decidir sobre esta proposición de lei.

Por D. Xoán A. Louzao manifestase que son moitos os colectivos que están detrás da iniciativa e o concello pode sumarse a ela, solicitando unicamente o apoio para que se leve ao Parlamento.

O señor Alcalde contesta que se está tramitando a iniciativa e polo tanto non vai a entrar na aprobación da proposta.

Por Dª Gemma V. López, en nome e representación do grupo do PSG-PSOE, manifesta que nos entendemos que non é para nada preciso entablar unha confrontación entre a plantación de eucaliptos e a de frondosas. Na actualidade xa hai unha lexislación que limita o

cultivo do propio eucalipto, así non é posible cultivar o eucalipto en terras agrarias, está totalmente prohibido plantalo; tamén está prohibido reemprazar as frondosas por eucaliptos, así non se pode cortar unha carballeira e plantar eucaliptos, isto está prohibido; e dentro dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 non é posible aumentar as explotacións de eucaliptos, si se pode cortar un eucaliptal xa existente, ou rexeneralo, iso si, pero non se pode aumentar a superficie plantada de eucalipto, polo tanto, xa a día de hoxe temos unha regulación en vigor que limita a expansión do eucalipto, dito isto si é verdade que nos últimos tempos, vulnerando a lei, se plantaron moitas hectáreas de terras agrarias, de modo ilegal, con eucaliptos, a aí o importante é que si se cumpra a lei, que esas plantacións se levanten e que a normativa se respecte fielmente.

Con respecto das frondosas, o noso apoio é inequívoco, son unhas especies moi importantes, todo o nos apoio, pero así como xa teñen unha sostibilidade social e medioambiental, son moi importantes nestes dous aspectos, ademais é necesario que se acade unha sostibilidade económica, o que quere dicir que se debería dar a volta a situación actual, na que as frondosas ocupan un 30 por cento da superficie arbolada de Galicia, pero sen embargo xeneran menos do 5 por cento do valor da madeira, do mercado da madeira, e polo tanto de ingresos para os propietarios, entón nos entendemos que hai que apoiar as frondosas, ofrecendo incentivos fiscais aos propietarios, orientación e formación en silvicultura, de maneira que haxa novos investimentos, para que teñan calidade; para que eses carballos, freixos, castiñeiros, teñan calidade, teñan un valor económico, a parte de social e medioambiental, e apoiar tamén a industria galega para que defina procesos produtivos nos que se poida usar como materia prima; deste xeito conseguirase que teñan un valor económico e que sexan un recurso para o propietario e non un problema.

Polo tanto, temos claro que hai moito traballo por diante, tanto no eucalipto como nas frondosas, pero sen necesidade de confrontar.

O máis importante do eucalipto é que se respecte o marco legal vixente e que non é tan importante a especie como si é a xestión, é dicir o eucalipto debe cumprir a lei e ten que ser xestionado correctamente e con sostibilidade, neste sentido hai que fomentar a certificabión forestal.

Polo tanto, o noso grupo si apoia a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, pero sempre evitando a confrontación, e cumprindo estritamente a legalidade e a lexislación vixente.

Debatido o asunto, o Pleno, por tres votos a favor (dous do BNG e 1 do PSG-PSOE) e sete en contra (do grupo do PP), rexeita a proposta sobre a "Proposición de lei para a protección e mellora de hábitats de bosques autóctonos e racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais".

Antes de pasar ao turno de rogos e pregunta, pola representante do grupo municipal do PSG-PSOE proponse introducir unha moción na orde do día, en relación coa asistencia sanitaria no Concello de Touro, á que se da lectura pola concelleira Dª Gemma V. López de Fuentes.

O Pleno, por unanimidade, acorda incluír a moción na orde do día.

MOCIÓN SOBRE ASISTENCIA SANITARIA NO CONCELLO DE TOURO:

Dáse conta da moción do grupo do PSG-PSOE nos seguintes termos:

"Unha das necesidades máis prioritarias do noso Concello, no que ao estado do benestar se refire, é a asistencia sanitaria. A situación actual en Touro é deficitaria de forma evidente e con importantes carencias asistenciais.

No último Pleno ordinario, celebrado fai tres meses, o Grupo Socialista de Touro, puxemos en coñecemento da Corporación Municipal a terrible situación que volvía ocorrer e de modo recorrente no Centro de Saúde do noso Concello, como era a falta de Servizo de Pediatría nos períodos de vacacións ou en días de libre disposición da pediatra. Ante o descoñecemento que manifesta o equipo de goberno desta situación, que se ve agravada cando algúns dos médicos de familia tampouco está no centro, esiximos unha solución inmediata a este problema, por considerar que se producía unha absoluta desprotección das e dos pacientes, ou no mellor dos escearios: unha deficiente atención.

A pasada semana, volveu producirse outra vez, un novo caso de falta de médicos de atención primaria no Centro de Saúde, co consecuente gravísimo prexuízo para toda a comunidade de Touro. Deste feito, extraemos a conclusión de que o problema aínda non está resolto.

Doutra banda, nos próximos períodos de vacacións de Semana Santa así como de verán, o persoal do Centro, fará uso previsiblemente, do seu dereito de goce das mesmas, por tanto irremediablemente atoparémonos cunha idéntica situación de caos, pésima xestión do traballo e unha sobrevida carga asistencial dos profesionais.

Esta austeridade, sen precedentes, do Partido Popular, está a deteriorar de forma grave o Sistema Sanitario Público Galego. Sistema que se agrava nos Concellos Rurais: o feito de non dispoñer de Servizos Públicos Básicos, como a Sanidade, provoca que o medio rural desapareza, que non sexa atractivo para aquelas novas familias que desexen asentarse no seu lugar de orixe ou para outras que poidan vir. Nalgúns Concellos, que exercen Políticas Sociais progresistas, dispensan axudas co obxecto de non mermar o número de habitantes, como si ocorre no noso Concello, onde progresivamente diminúe o censo de poboación: é dicir a austeridade do Partido Popular provoca a desaparición do medio rural.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista de Touro presenta ao Pleno do Concello a seguinte moción:

Solicitar o traslado desta recorrente situación ao Servizo Galego de Saúde e ao seu Conselleiro de Sanidade, para a adopción das medidas oportunas que deteñan de modo definitivo o desamparo e de indefensión en materia de Saúde que neste Concello estamos a padecer."

O señor Alcalde manifesta que os médicos que hai non se aumentan nin se diminúen, porque o problema é o das vacacións, baixas, etc, pero é un problema que hai que resolver.

A señora Dª Gemma Verónica López manifesta que é o Sergas que ten que solucionar o problema e o Concello de Touro ten que promover unha solución á cuestión plantexada, para que non se deixen de cubrir as vacantes.

O señor Alcalde manifesta que aínda que se trata de casos puntuais, non se pode cargarlle aos veciños o problema, especificando que o ideal é que houbera un médico para cada un.

O señor concelleiro D. Xoán Louzao manifesta que se trata do deterioro dos servizos públicos, que votarán a favor da moción aínda que non puideron estudala antes e que sempre estiveron por diante neste problema que estiman grave.

Debatido o asunto, o Pleno, por unanimidade, acorda dar traslado desta recorrente situación ao Servizo Galego de Saúde e ao seu Conselleiro de Sanidade, para a adopción das medidas oportunas que deteñan de modo definitivo o desamparo e de indefensión en materia de Saúde que neste Concello estamos a padecer.

V.- ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Xoán A. Louzao, en nome e representación do BNG, dálle lectura ás preguntas previamente presentadas por escrito sobre as sondaxes mineiras en camiños de titularidade pública.

A primeira pregunta refírese a se presentou a empresa a pertinente solicitude de licenza para a realización desta actividade.

O señor Alcalde contesta que non.

A segunda pregunta refírese a se o Concello autorizou a realización das sondaxes nas vías de titularidade municipal, respondendo o Alcalde que non.

O señor Xoán A. Louzao pregunta así mesmo se vai obrigar a paralizar as mesmas, se ten previsto sancionala e se lle vai a esixir que faga fronte aos danos causados e a retirar os restos dos mesmos que deixaron abandonados en sacos nas zonas nas que actuaron.

O señor Alcalde contesta que sabe o que ten que facer e que está un expediente aberto.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que debe axilizarse e que non quede en nada.

O señor Alcalde contesta que pode mirar expediente que se está tramitando.

O señor Xoán A. Louzao pregunta por unha denuncia que fai uns meses se fixo a administración medioambiental en relación con TEN, na que incluso se solicitaba a paralización da actividade, especificando se se recibiu resposta á denuncia.

O señor Alcalde contesta que non se recibiu resposta.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que é preciso volver a facer o requirimento, posto que pasaron seis meses e aínda non se ten contestación, teno en conta que se solicitou a paralización da actividade, especificando que hai que ter constancia das analíticas e saber se estaban contaminadas as balsas que se soltaron, posto que hai feitos concluíntes sobre a cuestión e o Concello ten que estar ao día do que está pasando, seguindo a denuncia a non esquecer o asunto.

O señor Xoán A. Louzao pregunta ao señor Alcalde se a empresa Cobre San Rafael presentou a solicitude de inicio das actividades pola oficina que ten aberta en Fonte Díaz.

O señor Alcalde contesta que se ten presentado, aínda que lle falta algún trámite.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que entón deberá paralizarse cautelarmente, porque non sexa que nos tomen por parvos ou iluminados.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que tiveron a reunión co Xefe Territorial e que parecía que se estaban a reunir coa empresa; así mesmo, manifesta que lle parecía incrible que lles manifestara que a rexeneración do río Portapego estaba contemplada cando non era certo.

O señor Alcalde contesta que estiveron catro horas e non se pode acordar de todas as cousas que se trataron.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que garantía lles pode dar unha administración que adopta a postura da empresa, cando o representante da Xunta discutía que o río Portapego aparecía no proxecto, ando non está dentro do mesmo, especificando que non existe garantía por esta administración que nega un feito certo.

O señor Alcalde manifesta que a rexeneración do Portapego ten que estar no proxecto porque se esixe a restauración do contaminado, especificando que, na reunión, cada un estaba ao seu.

O señor Xoán A. Louzao reitera que non existen garantías dunha administración que rebate cuestións que se plantean que non están contempladas no proxecto.

O señor Xoán A. Louzao pregunta polo saneamento en Millares Grande, posto que quedan dúas casas sen servizo de saneamento, cando están dispostos a deixar pasar as obras pola súa propiedade.

O señor Alcalde contesta que se ten acabado o orzamento, e esas casas quedarán para outro momento.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que se trata de que se acerque ás casas o enganche.

O señor Alcalde manifesta que hai que estudar o terreo.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que o fixo o proxecto non foi por alí, especificando que a obra encareceuse porque non está ben feito, sendo preciso realizar un novo orzamento para modificar a obra.

O señor Alcalde manifesta que tivo que baixarse ata cinco metros de profundidade para poder dotar de saneamento ás casas.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que terán que poñer unha bomba.

O señor Alcalde contesta que non vai ser necesario.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que se ten que dar servizo a esas dúas casas e se é preciso que firmen un documento para poder pasar polas propiedades privadas.

O señor Alcalde manifesta que se está executando un proxecto que quedará ata onde chegue, especificando que haberá outro proxecto que poida cubrir esas casas, manifestando que hai que realizar obra en 80 metros para unha casa.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que a casa xa estaba alí antes, preguntado se se lle vai a dar ou non.

O señor Alcalde manifesta que se firman e se poñen de acordo entón poderase realizar, pero que non hai unha flauta máxica para estes casos.

O señor Xoán A. Louzao pregunta polo camiño de seguridade que se está a realizar en Loureda, posto que existe un problema cunha parte do terreo que queda entre a cuneta e a parte cerrada, preguntando se se vai actuar contra esta situación creada pola vía dos feitos.

O señor Alcalde contesta que o asunto está nos tribunais.

O Secretario expresa que o propietario interpuxo reclamación ante o Tribunal económico-administrativo contra a resolución favorable ao Concello polo Catastro.

O señor Xoán A. Louzao pregunta polo recoñecemento do Concello como indicación xeográfica protexida para a castaña de Galicia, porque é preciso ir facendo os estudos das ceptas, etc.

O señor Alcalde contesta que non sabe como está o asunto, aínda que a Consellería está pola labor do recoñecemento, especificando que haberá unha charla sobre o tema, sendo preciso axilizar os trámites.

O señor portavoz do grupo do GNG, D. Xoán A. Louzao, realiza tres rogos: O primeiro, relativo ao local social de Calvos, que ten mobilidade reducida e é preciso adaptalo ás esixencias legais dese ámbito.

O segundo rogo, é necesidade de iniciar os trámites necesarios para incluír nas árbores senlleiras de Galicia a sobreira de Loxo.

O terceiro rogo refírese á necesidade de habilitar un punto limpo no Concello para recoller os colchóns, escombros, etc, e non no almacén de maquinaria, que non é de residuos, sendo preciso buscar ubicación para o mesmo.

A portavoz do grupo municipal do PSG-PSOE, Dª Gemma V. López, pregunta polo acceso aos locais sociais e en especial polo acceso a locales onde se celebran votacións, especificando que o problema esténdese a todos os locais do Concello.

Así mesmo, Dª Gemma V. López de Fuentes pregunta pola compra de desfibriladores, supoñendo que só se comprou un, manifesta que en lugares onde hai moita xente é preciso que haxa máis, un só para todo o concello é difícil de xestionar, posto que cando hai festas, como por exemplo Folk in Río non parece fácil de xestionar cun só desfibrilador.

O señor Alcalde manifesta que o problema é que o vaia a usar quen saiba como usalo, aíndea que cre que non poderá andar polas festas, sendo mellor o uso dunha ambulancia para eses casos.

Dª Gemma V. López manifesta que é preciso determinar quen afronta o mantemento.

O señor Alcalde manifesta que os que fixeron os cursos de desfibrilador están capacitados para o seu uso, o monitor deportivo ou os que fixeron cursos de primeiros auxilios, pero parécelle moi difícil que se poida usar en tódolos sitios.

A señora Gemma V. López de Fuentes manifesta que é preciso dotar de orzamento para a adquisición de desfibriladores para nenos, especificando que para xestionar debidamente o

uso de desfibriladores é necesario que existan máis cursos que habilitan que máis xente poida usalos.

O señor Alcalde contesta que en canto haxa 15 persoas xa se fai o curso.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as quince horas do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.